

ENFERMIDADES ASOCIADAS AO MANEXO DO GANDO

Calquera enfermidade humana que presenta como hospedador intermedio ou como vector un animal superior denomínase zoonose. Como é lóxico, as persoas que conviven de forma cotiá co gando corren o risco especialmente elevado de contraer as ditas enfermidades.

Sen embargo, non todas as enfermidades habituais do ámbito gandeiro se poden categorizar como zoonose. Noutros casos, son as condicións específicas dos hábitats pecuarios as que favorecen a súa aparición.

A continuación cítanse as enfermidades máis comúns asociadas ao manexo do gando. Advertir que todas elas teñen a categorización de enfermidades profesionais.

Brucelose ou Febres de Malta

Esta enfermidade produce no home unha febre alta e descontinua, dor nas articulacións e erupcións de vor vermella. A convalecencia é longa.

- **Axentes causais:** *Brucella abortus* (vacuno), *Brucella suis* (porcino) e, maioritariamente, *Brucella melitensis* (ovino e caprino).
- **Vías de contaxio:**
 - A través da pel, por manipulación de produtos fetais, contacto con po contaminado, ou trato habitual co gando.
 - Inoculación accidental por rotura de agullas durante labores de vacinación, inxección de medicinas, toma de mostras...
 - Vía respiratoria: Inhalación do po da corte, que se levanta en labores de limpeza de cortes, movemento do gando...
 - Vía dixestiva: Especialmente importante é a asociada ao consumo do leite ou derivados lácteos realizados con leite de animais enfermos.

- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - Seguimento e respecto escrupuloso das campañas de vacinación.
 - Sacrificar aos animais infectados e incineralos despois.
 - En caso de dúbida, non tocar ao animal sospeitoso de estar enfermo, agás que estea provisto de luvas, calzado e roupa axeitada.
 - Limpeza e desinfección de locais tras o parto, e en especial, en caso de abortos.
 - As cortes mal aireadas ou con pozas de dexeccións son fontes de infección. Os mosquitos, pulgas, carrapatas e chinches son tamén transmisores de enfermidade. Por todo isto, as cortes deben sanearse frecuentemente.
 - Deposición e almacenamento de esterco en zonas afastadas de áreas habitadas, a sotavento se é posible, recuberto ou humedecido para evitar a xeración de po polo vento.
 - No caso de autoconsumo da produción láctea, directamente ou como derivados, proceder sempre á ebulición do leite.
 - Non fabricar manteigas, queixos ou outros produtos lácteos que non foran fervidos previamente.

Tétano

- **Axente causal:** *Clostridium tetani*. Bacilo anaerobio obrigado que se encontra no intestino de todos os ruminantes, pero en especial dos equidos (mulos, asnos, cabalos, etc.). Cando se declara a enfermidade, a mortalidade é moi alta (da orde do 40%).
- **Vías de contaxio:**
 - Por feridas sucias, con ferramentas manuais, caídas, cravos salientes...
- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - Vacinación: Calquera traballador do sector agropecuario posúe un risco potencial de padecer tétano, polo que se debe vacinar. A rutina é: a primeira vacina antes de 24 horas de se producir a ferida, outra ó mes e outra ao ano. Despois, unha vacina de recordo cada dez anos.
 - En caso de feridas superficiais, limpalas con auga abundante e xabón, evitando outro tipo de substancias.
 - Perante a máis mínima dúbida, acudir ao médico.

Carbunco ou ántrax

- **Axente causal:** *Bacillus anthracis*
- **Vías de contaxio:**
 - Por contacto con animais enfermos ou os seus restos, e por picadura de parásitos que fan de vector entre estes e o gandeiro. Calquera animal doméstico é susceptible de infección por ántrax, en especial os herbívoros por ingestión de esporas ao pacer en áreas onde se depositasen cadáveres de animais mortos por carbunco.
- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - En caso de sospeita de morte de gando por carbunco, poñelo en coñecemento do veterinario da comarca.
 - Manipulación do cadáver con equipo de protección completo, incluída a máscara.
 - No caso de aparición no gandeiro dunha inflamación ou pústula anómala en áreas de pel expostas (mans, pulsos, rostro) consultar inmediatamente ao médico.
 - O gando debe ser sometido periodicamente, a un recoñecemento veterinario.

Tuberculose Bovina

- **Axente causal:** *Micobacterium tuberculosis* e *M. Bovis*, sendo a segunda a que se contrae de maneira normal por causas laborais en ambientes pecuarios. Na actualidade, e gracias ás compañías de vacinación, é unha enfermidade pouco frecuente.
- **Vías de contaxio:**
 - Por vía dixestiva, a partir da ingestión de leite, derivados lácteos, carne e os seus produtos derivados procedentes de animais enfermos.
 - Polas vías respiratorias (pastores, gandeiros e persoal que traballa nas cortes).
 - Por vía cutánea, que é a profesionalmente habitual (tuberculose dos muxidores).

- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**

- Seguimento e respecto escrupuloso das campañas de vacinación.
- Esixencia da cartilla sanitaria e respecto dos períodos de cuarentena no caso de incorporación de novos animais á granxa.
- Pasteurizar e esterilizar o leite antes do seu consumo.
- Realizar revisións médicas periódicas das persoas expostas.

Rabia

A rabia é unha enfermidade infecciosa e contaxiosa, propia dos mamíferos en xeral, e polo tanto tamén do home. É case sempre mortal e carcterízase por alteracións moi graves do sistema nervioso central.

- **Axentes causais:** *Lisavirus LME 1 e 2.*

- **Vías de contaxio:**

- Certas especies fan de reservorio natural da rabia, como o raposo ou a rata. En explotacións gandeiras é esta última o axente transmisor, directo, mordendo ao operario e transmitíndolle a enfermidade, ou mordendo ao gando, que é infectado. A mordedura non é condición indispensable para contaxiar a enfermidade, xa que o virus da rabia transmítese pola saliva do animal infectado. É dicir, en teoría, abondaría que unha ferida se mollase pola baba dun animal rabioso -un can ou gato que lambe unha man rabuñada, por exemplo -para contraer a enfermidade.
- O can é á súa vez, axente normal de transmisión, e para evitalo é obrigatoria a súa vacinación anual.

- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**

- Desinfectar meticulosamente os lugares onde estivese un animal rabioso.
- Sempre que se padeza a mordedura dun animal, seguirase a seguinte rutina:
 - ✓ Se é un can, porase en contacto co amo para certificar que o animal estea vacinado durante o último ano. Malia isto, o can porase en cuarentena e será sometido a observación.
 - ✓ Para o resto de animais domésticos, poráselles en cuarentena e serán sometidos a observación.

- Se se tratase dunha rata ou outro animal silvestre, intentarase matar ao axente causante da mordedura. Tras isto, introducirase nunha bolsa de plástico e meterase nunha cámara frigorífica para posibilitar o seu estudo.
- Independentemente do tratamento específico en caso de sospeita de rabia, no caso de mordedura, sempre se someterá a ferida a unha limpeza metódica, e se isto é pertinente, á vacinación antitetánica.

Toxoplasmose

- **Axente causal:** *Toxoplasma gondii* (protozoo)
- **Vías de contaxio:**
 - Trátase dun coccidio moi localizado, que parasita a práctica totalidade das especies frecuentes nunha granxa, tanto domésticas como silvestres (o rato ou o gorrión, p. ex.). Sen embargo, o seu principal hospedador é o gato doméstico. A contaminación é por carencia de hixiene e contaminación de alimentos con feces de animais infectados.
- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - Observación dunhas rutinas de hixiene estrictas.
 - Cumprir rigorosamente o calendario de tratamentos antiparasitarios, e de maneira moi específica cos animais de compañía.

Leptospirose

- **Axente causal:** *Leptospira interrogans*
- **Vías de contaxio:**
 - A enfermidade prodúcena unhas bacterias que aniñan normalmente en ratas, aínda que tamén poden subsistir en cans e porcos.
 - O contaxio pódese producir por mordedura de rata ou por contacto con augas contaminadas pola urina e os excrementos destes animais.
- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - Control e eliminación de roedores das instalacións.

Pulmón de granxeiro

- **Axente causal:** Esporas do *Actinomyces termofilicos*
- **Etioloxía:**
 - Asociado á respiración de esporas do citado microorganismo cando se traballa con forraxe deficientemente henificada, na que o alto contido de humidade permitiu o desenvolvemento e proliferación da dita e outras especies.
 - A posterior manipulación da forraxe en áreas mal ventiladas provoca que o traballador inhale as esporas xunto a outros produtos, chegando a reter nos seus pulmóns ata 750.000 esporas por minuto, o que lle orixina trastornos respiratorios diversos.
- **Medidas de prevención que hai que adoptar:**
 - Correcta henificación e/ou ensilado da forraxe.
 - Conservación da forraxe ensilada nas adecuadas condicións de sequidade.
 - Adecuada ventilación de cortes e instalacións.